

SUBMINISTRACIÓN OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UNIDADES DE CONTROL DE ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN NOVO PUNTO DE CONTROL NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA"

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A SÚA CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA.

1.- OBXECTO DO CONTRATO E REXIME XURÍDICO:

Trátase dun contrato mixto de obra e subministración, no que pola contía económica prevalece o contrato de subministro.

Mediante esta contratación, trátase de ampliar a instalación de control de acceso e videovixilancia existente da zona do Porto Deportivo de Sanxenxo, cara un novo punto de control na Rúa Augusto González Besada.

O seu obxecto é a **"subministración e instalación de unidades de control de acceso e videovixilancia para un novo punto de control na Rúa Augusto González Besada"**, conforme a este prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, e a oferta que presente o contratista. Enténdese como prego de prescricións técnicas o informe técnico, que forma parte do expediente, redactado para esta contratación, pola enxeñeiro industrial, Dona Clara Cereijo Méndez, colexiada nº 1739 do ICOIIG, no que se detalla o obxecto do contrato, os equipamentos precisos para a posta en marcha do control de accesos, valorados economicamente, así como os orzamentos e medicións de cada unha das unidades, e o plano de situación das instalacións. Estes elementos obxecto do presente contrato de subministro corresponden aos números de referencia do Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV) 42961100-1: sistema de control de accesos e o 32323500-8: sistema de videovixilancia.

O contrato definido ten a calificación de contrato administrativo, segundo establece o artigo 19.1 a) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado mediante Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante, TRLCSP), por tratarse dun contrato de subministro. No que respecta a entidade adxudicadora (Nauta Sanxenxo SL), esta ten a condición de poder adxudicador que non reúne a condición de Administración Pública, pero si de ente público, por ser unha sociedade mercantil dependente do Concello de Sanxenxo.



nauta
SANXENXO

O contrato que regula as presentes cláusulas ten carácter administrativo e, como tal, as partes sométense á lexislación de contratos das administracións públicas (TRLCSF, RXC); supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato resolveranse polo órgano de contratación, acordos que porán fin a vía administrativa e contra os que caberá recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto pola lei reguladora desta xurisdicción, despois da interposición previa, se é o caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

2.-PRESUPUESTO MÁXIMO DA LICITACIÓN E FINANZAMENTO : Sinálase como presuposto de licitación e valor estimado da mesma sen incluír IVE VINTE E UN MIL TRECENTOS VINTE E CINCO EUROS (21.325,00 €), o IVE ascende a CATRO MIL CATROCIENTOS SETENTA E OITO EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (4.478,25 €), **o presuposto máximo de licitación, co IVE é de VINTE E CINCO MIL OITOCIENTOS TRES EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (25.803,25 €).**

3.-RISCO E VENTURA E REVISIÓN DE PREZOS: O contrato executarase a risco e ventura do contratista e non procederá a revisión de prezos polo seu reducido prazo de execución.

4.-CAPACIDADE PARA CONTRATAR: Poderán concorrer, por se ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade para obrar, non estean incursas nalgunha das prohibicións para contratar que enumera o art. 60 do Real Decreto Lexislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSF).

5.-PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANO DE CONTRATACIÓN: O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado, ao que pode acudirse aplicando o art. 173 do TRLCSF, dado que o seu valor estimado, que non inclúe o IVE, é inferior a **100.000,00 €**, non tendo que publicarse anuncios ao non ser o seu valor estimado superior a **60.000,00 €** (art.177 TRLCSF). Aínda que nas Bases de Execución do Presuposto Consolidado, no referente á contratación, unicamente os contratos de servizos, adxudicados mediante procedemento negociado sen publicidade, publicarase a licitación no perfil do contratante da web municipal, celebrados pola "Entidade Local" ou polo seu Organismo Autónomo, por analoxía tamén se deben aplicar estes preceptos aos contratos celebrados polas sociedades mercantís públicas dependentes do Concello de Sanxenxo. Explicitamente nestas Bases so se esixe a publicación no perfil do contratante, nos supostos de



nauta
SANXENXO

contratos de servizos, porén debe ser de aplicación a este suposto, aínda que nos atopemos ante un contrato de subministro.

O procedemento negociado, fundaméntase por razón da contía, e ademais de acordo ao disposto no informe técnico ou prego de prescricións técnicas, suscrito por Dona Clara Cereijo Méndez, e que forma parte do expediente, a adxudicación a empresas diferentes, ás que xa ten instaladas estes sistemas de control no víal anexo ao que se pretende colocar os novos elementos ou subministracións pola mercantil Nauta Sanxenxo SL, suporía un sobrecusto, o cal sería ineficiente e polo tanto establécese o seguinte:

- Que sexa Nauta por encomenda de xestión, a que se encarga do presente contrato, recibíndoa da Entidade Local, quen ademais transferirá os fondos precisos para a súa execución, e que son estimados no informe técnico antedito. Esta transferencia será efectuada antes de que remate o presente exercicio 2016, devendo devolver Nauta os excesos, no suposto de existir baixas na licitación.
- Esta encomenda de xestión deberá ser admitida polo Consello de Administración de Nauta, ou por delegación, polo presidente, por razón de eficiencia, en un único acto administrativo (acto xurídico), dada a coincidencia subxectiva entre o alcalde e o presidente.
- Esta encomenda inclúe, a asunción dos gastos de asesoramento técnico, e debe de engadirse a cantidade de 400,00 euros sen IVA, correspondentes, a realización do informe técnico, considerado como prego de prescricións técnicas, suscrito por Dona Clara Cereijo Méndez. Tamén deben de incluírse os custos da asesoría xurídica de Nauta, servizo levado a cabo polo gabinete "Concheiro Avogados".
- Non obstante dadas as condicións económico-presupostarias-contables da sociedade pública en aras de maior transparencia, procede que se evacúe consulta ás empresas que xa teñen instaladas estes sistemas de control en Nauta e como mínimo a outra persoa física ou xurídica capacitada e habilitada para a prestación desta subministración; e procede a súa publicación no perfil do contratante por si existen máis licitadores interesados en obter a esta contratación, eso si respetando as condicións económicas e técnicas que se sinalan no presente prego e no de prescricións técnicas (informe técnico)

A tramitación do presente é ordinaria.

De acordo co disposto nos Estatutos de Nauta Sanxenxo SL, o órgano de contratación será o Consello de Administración, que ten atribuída a facultade de outorgar toda clase de actos, contratos e documentos públicos e privados que



nauta
SANXENXO

sexan precisos. Non obstante, en virtude dos acordos adoptados polo Consello de Administración, en sesión celebrada o 9 de outubro de 2015, e que foron elevados a escritura pública (protocolo nº 1646 de 10 de novembro de 2015, documento cuxa copia forma parte do presente expediente) delégase no Presidente a tramitación e realización de determinados actos, contratos e relación xurídicas, entre os que se atopa a celebración de contratos de subministracións de todo tipo, con unha duración que non supere os dous anos e cuxo importe non supere os 200.000,00 euros.

Á visto do anteriormente disposto, será o presidente do Consello de Administración de Nauta Sanxenxo SL, o órgano de contratación.

6.-SOLICITUDE DE PROPOSICIÓNS, PRAZO PARA PRESENTAR PROPOSICIÓNS E LUGAR ONDE PRESENTALAS: De conformidade co disposto no art. 178.1 do TRLCSP, o órgano de contratación solicitará a formulación de proposicións para a execución do contrato, como mínimo, a tres persoas físicas ou xurídicas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. A petición realizarase polo ente contratante por escrito, sempre deixando constancia no expediente da recepción das referidas peticións, admitíndose, a estes efectos, a utilización do fax e medios telemáticos (e-mails).

As proposicións presentaranse na sede de Nauta Sanxenxo SL (Nauta), das 9 ás 14 horas, e das 16 ás 19 horas de luns a venres, en sobres pechados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula seguinte, dentro do prazo de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS**, a contar dende o día seguinte ao da recepción da solicitude da formulación da proposición. No suposto de que non sexa o licitador, unha empresa das invitadas, o prazo computará dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante da páxina web www.sanxenxo.es. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, ampliarase ao día seguinte hábil.

Poderanse presentar, dentro do prazo de citado no parágrafo anterior, as propostas por correo, tendo o interesado que acreditar, no resguardo correspondente, a data de imposición do envío na OFICINA DE CORREOS, anunciando o mesmo día do envío e no horario citado ao comezo desta cláusula, ao órgano de contratación, por FAX, ao número **986721022**, a remisión da proposición.

Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a proposición no caso de que fose recibida fóra do prazo previsto no anuncio de licitación. Non obstante, transcorridos **DEZ (10) DÍAS NATURAIS**, contados a partir do



nauta
SANXENXO

seguinte ao do remate do prazo de presentación, non será admitida ningunha proposición remitida por correo.

7.-DOCUMENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS: A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

As propostas constarán de **DOUS (2)** sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, facendo constar en cada un deles o seu correspondente contido, o nome do licitador e a súa dirección, así como o número de teléfono e, no seu caso, a dirección de correo electrónico para a súa localización inmediata.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposta, individual ou mediante a fórmula de unión temporal. Tampouco poderá figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta cláusula dará lugar a desestimación de todaa as proposicións presentadas polo mesmo licitador.

No **SOBRE "A"** e baixo a denominación de **"DECLARACIÓN RESPONSABLE"**, incluírase unha declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo I** deste prego, indicando que cumpre as condicións para facer este contrato co Concello e que, se recae ao seu favor á proposta de adxudicación, se compromete a presentar ante o órgano de contratación a documentación que se cita na **cláusula 11ª** deste prego, no prazo que nesa cláusula se sinala. En todo caso o órgano de contratación, a efectos de garantir o bo fin do procedemento, poderá recabar, en calqueira momento anterior a proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

No **SOBRE "B"** e baixo denominación **"OFERTA"** realizarase a proposta de acordo co modelo que se achega no **anexo II** deste prego, debendo os licitadores axustar a súa proposta aos aspectos sobre os que se desenvolverá a negociación que figuran na cláusula seguinte deste prego, acompañada da documentación que se describe na citada cláusula.

8.- ASPECTOS SOBRE OS QUE SE DESENVOLVERÁ A NEGOCIACIÓN: Serán os seguintes que se valorarán e ponderarán como a continuación se sinala, xunto coa documentación a presentar para que poidan puntuarse:

- **Prezo.** Expresarase nunha cantidade que non poderá superar o orzamento máximo de licitación, co IVE, que figura na cláusula 2ª deste Prego **25.803,25 €**. Valorarase ata un máximo de **SESENTA (60)**



nauta
SANXENXO

PUNTOS. Para a determinación da puntuación que, no seu caso, corresponda a cada oferta calcularase, no primeiro lugar, a porcentaxe de baixa a que correspondería a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do R.D. 1098/2001, polo que aprobouse o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en diante RXC). As ofertas que igualasen ou superasen a porcentaxe de baixa correspondente a calificación de temeraria terán a puntuación máxima por este criterio, o resto obterán a puntuación proporcional que corresponda entre a súa porcentaxe de baixa e a porcentaxe de baixa a que corresponda a calificación de temeraria por aplicación dos criterios do art. 85.1 ao 4 do RXC. As porcentaxes e as puntuacións calcularanse con dous decimais. As ofertas que non baixen do prezo tipo puntuaran **CERO (0)** por este criterio.

- **Prazo: Reducción do prazo de suministracion.** Ata un máximo de **DEZ (10) PUNTOS.** A estes efectos os licitadores deberán presentar na súa proposición, no Anexo II, que presentarán no sobre B, a redución do prazo en días laborais, respecto ao máximo de previsto no presente Prego (40 días laborais). A estes efectos computarase a razón de un (1) punto por día.

- **Memoria de realización da subministración:** Ata un máximo de **TRINTA (30) PUNTOS.** A estes efectos os licitadores deberán presentar unha memoria de prestación da subministración que describa todas as actuacións que se describen no Prego de Prescrición Técnicas, así como os incrementos de calidade, cuantificados economicamente, na prestación sobre o previsto neste prego e no de prescricións técnicas, non valorándose aqueles aspectos a aplicar noutras accións diferentes as da radicación do obxecto do contrato nin permitirse o aumento deste.

A non presentación da memoria conforme ao disposto no parágrafo anterior, determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS.**

9.-APERTURA DOS SOBRES, FASE DE NEGOCIACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS UNHA VEZ REMATADA A FASE DE NEGOCIACIÓN:

a) A apertura e cualificación da documentación incluída no **SOBRE "A"** as realizará o órgano de contratación. Se o órgano de contratación observase defectos ou omisións subsandables na documentación presentada no **SOBRE "A"** comunicarao verbalmente ao interesado, ao número de teléfono que apareza na portada da plica, concedendo un prazo de **DOUS (2) DÍAS NATURAIS**, contado a partir da práctica da comunicación, para que os licitadores corrixan ou emenden os defectos ou omisións. Faise constar que, se o prazo rematase en festivo ou sábado, se ampliará ao día seguinte hábil que



nauta
SANXENXO

non fose sábado. Do actuado deixárase constancia na acta que necesariamente deberá extenderse.

b) O procedemento de adxudicación continuará coa apertura polo órgano de contratación do **SOBRE "B"** dos licitadores que presentaron a documentación esixida no **SOBRE "A"**, levantándose polo secretario acta a tal efecto na que se deixará constancia das características das ofertas dos licitadores, xa sexa mediante a súa descrición escrita ou mediante copia compulsada das ofertas abertas.

c) Admitida a lo menos unha proposición, coa que se iniciará e se desenvolverá a negociación para optar a contratación, a continuación o órgano de contratación solicitará a emisión de informe/s técnico/s, realizado ou pola redactora do informe técnico/prego de prescricións técnicas que forma parte deste expediente ou técnico que teña cualificación profesional adecuada, en razón da materia obxecto da contratación e no que figurará unha proposta de atribución de puntuación conforme aos aspectos sobre os que versará a negociación, e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que está descrito na **cláusula 9ª** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª** deste prego.

d) Unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, abrírase a fase de negociación coas diferentes persoas físicas ou xurídicas, que presentaron as ofertas sobre a base das mesmas. A estes efectos se trasladará a cada un dos licitadores o resultado da valoración técnica de todas as plicas presentadas, comunicándolles a apertura da fase de negociación, que se celebrará nas dependencias de Nauta, ante o responsable deste contrato, que será asistido por un técnico municipal ou externo e pola secretaria de Nauta. Na citada reunión se procederá a negociar á vista das ofertas presentadas, e sobre os aspectos sobre os que se pode desenvolver a negociación que figuran na cláusula 9ª deste Prego. Do resultado da negociación realizada na reunión citada anteriormente se levantará Acta na que constará a oferta final de cada unha das empresas, facendo constar que no caso de que algunha das empresas convocadas á reunión de negociación non se presentase, entenderase que mantén a súa oferta inicial.

e) Unha vez realizada a fase de negociación o órgano de contratación solicitará emisión de informe técnico realizado polo mesmo técnico que subscribiu o informe de valoración inicial, antes da fase de negociación, para que faga unha proposta de atribución de puntuación sobre as ofertas resultantes da fase de negociación conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego, sendo o límite máximo de puntuación o que



nauta
SANXENXO

está descrito na **cláusula 9ª** deste prego e o límite mínimo **CERO (0)** puntos e a determinación de se na oferta do contratista figuran aspectos susceptibles de non ser puntuados conforme ao descrito na **cláusula 9ª** deste prego.

f) Finalmente o órgano de contratación clasificará, pola orde de maior a menor puntuación as ofertas presentadas conforme aos criterios e as súas normas de valoración que figuran neste prego e procederá a apreciar se, no seu caso, existen valores desproporcionadas ou anormais nas ofertas, utilizando, para o prezo, os criterios establecidos no art. 85.1 ao 4 do RXC. Se o órgano de contratación entende que a proposición máis valorada podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tramitará o procedemento previsto no art. 152.3 do TRLCSP.

10.-REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN: O órgano de contratación requirirá, para que presente no prazo de **DEZ (10) DIAS HÁBILES** a contar dende o seguinte a aquel no que se reciba o requirimento, a documentación que se cita nos seguintes parágrafos, ao licitador que teña a proposta máis valorada, sempre que a súa oferta non fose declarada desproporcionada ou anormal, suposto que, de darse, provocará que o órgano de contratación a exclúa e faga o requirimento a favor da seguinte proposición coa puntuación máis elevada, sempre que poida cumprirse a satisfacción de Nauta e que non sexa considerada anormal ou desproporcionada.

A data para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar con Nauta (documentación correspondente a todos os puntos agás o 9º, en canto a formalización en escritura pública das Unións Temporais de Empresas e a presentación do CIF da Unión Temporal), será o da finalización do prazo de presentación de las proposiciones e do cumprimento nesa data dos requisitos, deberán responder os documentos e certificacións que se presenten.

Os documentos a presentar, que deberán ser orixinais, admitíndose fotocopias dilixenciadas polo Secretario do ente contratante ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais, son os seguintes.

1.-Acreditación da personalidade xurídica do licitador:

a) No caso de persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa



nauta
SANXENXO

aplicable. Se non o é, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial.

b) No caso de persoas físicas: Número do Documento Nacional de Identidade (en diante DNI), Número de Identificación Fiscal ou pasaporte.

2.-Acreditación da representación de quen actúa en nome do licitador (aplicable a todos os casos, agás aquel no que o licitador sexa unha persoa física e actúe por se mesma): Poder notarial.

3.-Declaración responsable do licitador, conforme ao modelo que figura no **anexo III** deste prego, de non atoparse incurso nas prohibicións para contratar establecidas no art. 60 do TRLCSP: En caso de que o licitador fose persoa xurídica, a declaración deberá referirse a mesma persoa xurídica e aos seus administradores.

4.-Documentación acreditativa das solvencias: **Non se esixen**, en virtude do disposto no Real Decreto 773/2015, no punto 5 do artigo 11, por non superar o valor estimado do contrato os 35.000,00 euros.

5.-Rexistro de licitadores: A inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá aos licitadores de presentar a documentación esixida neste sobre correspondente aos puntos 1, 2 e 3. Deberá acreditarse mediante unha certificación expedida polo Rexistro de que se trate acompañada dunha declaración responsable, conforme ao modelo que figura no **anexo IV** deste prego, do licitador na que se manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

6.-Xustificación acreditativa de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias (Imposto sobre Actividades Económicas –en diante IAE–, Estado, e Concello) e coa Seguridade Social. No que respecta ao IAE presentátese a alta, referida ao exercizo corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non se ter dado de baixa na matrícula do imposto. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada ao pagamento do IAE, abondará declaración responsable asinada polo licitador ao respecto. En todos os demais supostos presentaranse certificacións positivas dos organismos administrativos competentes. **TODAS AS CERTIFICACIÓNS DEBERÁN PRESENTARSE CON DATA DO DÍA DA PRESENTACIÓN DA PROPOSICIÓN OU ANTERIOR,**



nauta
SANXENXO

DEBENDO ESTAR VIXENTE. NO SUPESTO DE QUE ESTIVISEN CADUCADAS ADEMAIS DESTA CERTIFICACIÓN PRESENTARASE COMO COMPLEMENTO DA ANTERIOR UNHA VIXENTE.

7.- Garantía definitiva do 5% do importe total da adxudicación, excluído o IVE.

8.-Unións temporais de empresarios: Dous ou máis empresarios poderán presentar propostas conxuntas de licitación constituíndo unha unión temporal de conformidade co establecido no art. 59 do TRLCSP, debendo acreditar cada un a súa personalidade, capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos seus integrantes, cos nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de ser adxudicatarios do contrato e designar a persoa que será o seu representante ante o ente contratante. No suposto de resultar adxudicataria deberán acreditar a constitución da unión temporal en escritura pública e presentar o Código de Identificación Fiscal da unión temporal e a súa duración coincidirá coa do contrato e ata a súa extinción. Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante do ente contratante.

9.-Empresas non españolas:

a) Acreditación da capacidade:

a-1) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega): Acreditarase mediante declaración xurada de estar habilitadas para realizar a prestación de que se trate de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas. Cando dita lexislación esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate deberán acreditar o cumprimento deste requisito.

a-2) Empresas non españolas non incluídas no apartado anterior: Acreditarase mediante a seguinte documentación:

Informe da respectiva Misión Diplomática Permanente española na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no art. 3 do TRLCSP, en forma substancialmente análoga.



nauta
SANXENXO

b)Declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois: Comprenderá os xulgados e tribunais de calquera orde, para tódalas incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideran xurdir do contrato, coa renuncia do foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

11.-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO: O órgano de contratación, dentro do prazo dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da documentación requirida na cláusula anterior, adxudicará motivadamente o contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste Prego.

O acordo de adxudicación notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante. Tanto na notificación como na publicación no perfil do contratante se indicará o prazo no que debe procederse a formalización do contrato.

12.-FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: Nauta e o contratista deberán formalizar o contrato en documento administrativo que se axuste, con exactitude, ás condicións da licitación, dentro dos **QUINCE (15) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación, constituíndo título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante o anterior dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a petición do contratista e a súa costa.

13.- DEBER DE CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso coa ocasión da execución do contrato. Nauta non poderá divulgar a información facilitada por os licitadores que estes designen como confidencial. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar en cada un dos sobres unha relación coa documentación á que dean ese carácter.

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar secreto profesional respecto dos datos de carácter persoal dos que poidan ter coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda logo da finalización do mesmo, de conformidade co art. 10 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD). O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos estean obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus



nauta
SANXENXO

empregados puidese incorrer. O adxudicatario e o seu persoal durante a realización dos servizos que se presten como consecuencia do cumprimento do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade das dependencias municipais nas que se desenvolva o seu traballo.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal deberase respectar, na súa integridade, a LOPD e a súa normativa de desenvolvemento, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Vixésimo Sexta do TRLCSP.

14.-DURACIÓN DO CONTRATO E MODIFICACIÓNS DO MESMO: O contrato terá unha **duración máxima de CORENTAA DÍAS LABORAIS**, a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.

Non se prevén modificacións do contrato neste prego, motivo polo que tan só poderán efectuarse cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no art.107 do TRLCSP, que terán que xustificarse axeitadamente polo órgano de contratación e seguindo o procedemento do art. 108 do TRLCSP en relación co art. 211 do mesmo texto legal. Ademais, se experimenta variación o prezo do contrato, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado no prazo de **QUINCE DÍAS (15) NATURAIS** contado dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación. De conformidade cos arts. 156 e 219.2 do TRLCSP, as modificacións deberán formalizarse en documento administrativo.

15.-RESPONSABILIDADE NA EXECUCIÓN DO CONTRATO: O contratista obrígase a cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de seguridade e hixiene na execución do contrato e calquera outra de obrigado cumprimento. Asemade o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle poidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

16.-PENALIDADES: Imporanse penalidades ao contratista cando incurra en algunha das causas previstas a continuación:

- a) **Por cumprimento defectuoso e demora:** Imporanse penalidades por cumprimento defectuoso nos seguintes termos:
- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incurrise en demora respecto do prazo total ou dos prazos parciais de cumprimento do contrato.
 - Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, caso no cal



nauta
SANXENXO

poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

b) Por incumplir criterios de adjudicación. Imporanse ao contratista penalidades por incumplir os criterios de adjudicación nos seguintes termos:

- Se durante a execución do contrato se apréciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún/s dos compromisos asumidos na súa oferta.
- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adjudicación será preciso que ao descontarse un 25% da puntuación obtida polo contratista no criterio de adjudicación incumplido, resultará que a súa oferta non houbera sido a mellor valorada.
- Como regra xeral a súa cuantía será un 1% do orzamento do contrato, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumplimento é grave ou moi grave, caso no cal poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

17.-ABOAMENTO DO PREZO: O contratista terá dereito ao abono da subministración realizada a mes vencido mediante a presentación da factura correspondente, co IVE incluído e a conformidade á mesma do responsable do contrato, debidamente informada polos servizos técnicos correspondentes.

18.-CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO: Estarase ao disposto nos arts. 226, 227 e 228 do TRLCSP.

19.-EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONTRATO: Ademais do suposto do cumprimento do contrato, este extinguirase pola súa resolución, sendo as causas as previstas nos arts. 223 e 299 do TRLCSP, que acordarase na forma prevista no art. 224 do TRLCSP e cos efectos citados nos arts. 225 e 300 do TRLCSP. Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento por parte do contratista das obrigas asumidas na oferta.




nauta
SANXENXO

20.-PRAZO, DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA. O prazo será o estipulado no informe técnico/prego de prescricións que forma parte do expediente.

Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos á subministración, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, a súa costa, tódalas deficiencias que poidanse observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, dacordo co establecido no presente prego e no art. 305 do TRLCSP.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaran responsabilidades a exercitar sobre a garantía e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela. Unha vez finalizado o prazo de garantía sen que a liquidación do contrato se realizase por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, a devolución ou cancelación da garantía unha vez depuradas as responsabilidades as que refírese o art. 100 do TRLCSP.


21.-GASTOS A CARGO DO CONTRATISTA: Serán da súa conta os seguintes gastos:

- 
- a) Os tributos de calquera Administración que pesen sobre o contrato ou sobre o seu obxecto, así como a obter as licencias e autorizacións necesarias para a execución do contrato e o aboamento do tributo correspondente.
 - b) No seu caso, os da formalización pública do contrato de adxudicación.

22.-RESPONSABLE DO CONTRATO: A efectos do disposto no art. 52 do TRLCSP será o Presidente do Consello de Administración de Nauta Sanxenxo SL o responsable do contrato.

Sanxenxo, 28 de decembro de 2016.

O presidente do Consello de Administración de Nauta Sanxenxo SL



Gonzalo Gonzalo Pita

ANEXO I

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR INDICANDO QUE CUMPRE AS CONDICIÓN S ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR. (incluí r no SOBRE "A")

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de contratación da
**"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UNIDADES DE CONTROL DE
ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN NOVO PUNTO DE CONTROL NA
RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA", DECLARO** o seguinte:

- Que o licitador cumpre coas condicións establecidas legalmente para ser adxudicatario deste contrato co Concello de Sanxenxo e comprométese, no suposto de ser o licitador proposto para a adxudicación, a entregar a documentación acreditativa do cumprimento que figura detallada na cláusula 10ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no prazo que nesa mesma cláusula se establece. Así mesmo o licitador comprométese a entregar a documentación citada na cláusula 10ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares en calqueira momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, en caso de ser requerido para iso polo órgano de contratación.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO II

MODELO DE OFERTA A INCLUIR NO SOBRE B

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, a efectos de incorporar á súa
proposta para participar no procedemento de contratación da
**"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UNIDADES DE CONTROL DE
ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN NOVO PUNTO DE CONTROL NA
RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA"**, comprométese a executala con
suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares, ao prego de
prescrición técnicas e a presente oferta que se axusta aos aspectos sobre os
que se desenvolverá a negociación, e dos que dependerá a adxudicación, fixado
na **cláusula 9ª do prego** de cláusulas administrativas particulares,
acompañando a documentación que nesa cláusula se esixe:

- **Prezo:** Ofrezco a prestación da **"SUBMINISTRACIÓN E
INSTALACIÓN DE UNIDADES DE CONTROL DE ACCESO E
VIDEOVIXILANCIA PARA UN NOVO PUNTO DE CONTROL
NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA"** polo prezo de:

----- (en número e letra), que
supón unha baixa de ----- euros, respecto do
prezo de licitación.
- **Reducción do prazo de sumministracion.** Ofrezco a prestación
da **"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UNIDADES DE
CONTROL DE ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN
NOVO PUNTO DE CONTROL NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ
BESADA"** polo prazo de -----(en número e letra) días
laborais, o que supón unha redución de ----- días (en
número e letra, respecto ao prazo máxio de realización do
subministro (40 días laborables)
- **Memoria de realización da subministración:** Achego co
presente anexo memoria de prestación da subministración que
describe todas as actuacións que se describen no Prego de
Prescrición Técnicas, así como os incrementos de calidade,
cuantificados economicamente, na prestación sobre o previsto
neste prego e no de prescricións técnicas.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR. (A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato)

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, como licitador proposto para a
adxudicación do contrato da **"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE
UNIDADES DE CONTROL DE ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN
NOVO PUNTO DE CONTROL NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA"**,
DECLARO o seguinte:

-Que nin o licitador nin, no seu caso, os seus administradores ou órganos de dirección están incursos nas prohibicións de contratar establecidas no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público Lei 30/07.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias no senso establecido no artigo 13.1 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, incluído o non ter co Estado e co Concello de Sanxenxo débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de que non proceda a utilización da vía de apremio segundo o disposto no apartado d) da disposición citada neste parágrafo, non ter débedas non atendidas en período voluntario.

-Que o licitador está ao corrente do cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social no senso establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/01, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

ANEXO IV

MODELO DE DECLARACIÓN DO LICITADOR DA NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS INCLUÍDAS NA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE LICITADORES. A presentar só polo licitador a quen se lle requira documentación por ser o proposto para a adxudicación do contrato e tan só no suposto de que o licitador acredítase condicións de capacidade e solvencia mediante a presentación dun certificado acreditativo de inscrición nun Rexistro Oficial de Licitadores

D -----, DNI nº ----- e domicilio en -----
-----, en nome propio ou en representación da persoa xurídica ---
-----, CIF nº-----, como licitador proposto para a adxudicación do contrato da **"SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE UNIDADES DE CONTROL DE ACCESO E VIDEOVIXILANCIA PARA UN NOVO PUNTO DE CONTROL NA RÚA AUGUSTO GONZÁLEZ BESADA"**,
DECLARO o seguinte:

- Que as circunstancias reflectidas no certificado acreditativo de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores (Estado/Comunidade Autónoma de Galicia) que se acompaña non experimentaron variación dende a data da súa expedición

(Lugar, data e sinatura do proponente)